# RUTA DO CASTELO DE VITRES

## Unha mostra do rico patrimonio natural, cultural e etnográfico que atesoura o noso concello

**PR-G 264**






Ao longo deste itinerario encontrámonos con interesantes mostras de patrimonio etnográfico, como os pasais de Brazos que nos servirán para cruzar o río Coroño, o cruceiro de Galegos, os muíños do río Acevedro ou as interesantes mostras de construcións populares na aldea de Mosquete: o lavadoiro, os hórreos, as antigas casas con eiras...

Discorre por unha zona rural onde diversos usos agrícolas e gandeiros tradicionais aínda perviven: campos de millo e avea altérnanse coas vides de uvas albariña, caíña, loureira, treixadura, brancellao, espadeiro, mencía ou sousón que se empregan para a produción de viño "Terras do Barbanza e Iria"; e a subida á serra é o lugar por onde pastorean as cabras das aldeas do pé de monte e as vacas mostrencas.

Os ríos Coroño, Cachopo e Acevedro, aínda acollen boas mostras da vexetación de ribeira onde encontran acubillo multitude de animais; ou algunhas mostras do bosque autóctono onde domina o carballo cerqueiro acompañado de castiñeiros e algún corticeiro.

Este itinerario remata de forma espectacular coa subida pola antiga e impresionante calzada do Sino que desde Mosquete que pouco a pouco, nalgún tramo zigzagueando e noutros excavado sobre a propia pedra, nos vai subindo até o Castelo de Vitres, un antigo asentamento desde onde se vixiaban as nosas costas fronte os ataques que sufrían ao longo da Idade Media, e desde onde podemos gozar dunha espectacular vista sobre a Ría de Arousa.

**MIDE** PR-G 264 Ruta do Castelo de Vitres

| | | | |
|---|---|---|---|
| horario | 2h 05' | 2 | severidade do medio natural |
| desnivel de subida | 541 m | 2 | orientación no itinerario |
| desnivel de baixada | 82 m | 2 | dificultade no desprazamento |
| distancia horizontal | 6,2 km | 2 | cantidade de esforzo necesario |
| tipo de percorrido | Travesía | Mapas IGN escala 1:25.000: **119-IV e 151-II** | |

Condicións de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.

**SINAIS DE SENDEIRISMO NOS PR-G (PEQUENO RECORRIDO GALEGO)**

- Sinal de continuidade: indica dirección correcta
- PR-G 264 — Baliza: permite identificar o tipo e o nº de sendeiro homologado
- Sinal de dirección equivocada: indica dirección incorrecta
- PR-G 264 — Baliza de derivación: permite identificar o tipo e o número de sendeiro homologado na derivación

### MIDE (Método de Información De Excursións)

| | |
|---|---|
| **Medio** Severidade do medio natural | 1 O medio non está exento de riscos<br>2 Hai máis dun factor de risco<br>3 Hai varios factores de risco<br>4 Hai bastantes factores de risco<br>5 Hai moitos factores de risco |
| **Itinerario** Dificultade de orientarse no itinerario | 1 Camiños e cruzamentos ben definidos<br>2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade<br>3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais<br>4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza<br>5 A navegación é interrumpida por obstáculos que hai que bordear |
| **Desprazamento** Dificultade no desprazamento | 1 Marcha por superficie lisa<br>2 Marcha por camiños de ferradura<br>3 Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares<br>4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio<br>5 Require pasos de escalada para a progresión |
| **Esforzo** Cantidade de esforzo necesario | 1 Ata 1 h de marcha efectiva<br>2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva<br>3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva<br>4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva<br>5 Máis de 10 h de marcha efectiva<br>Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado |

*Versión en castellano por el otro lado del panel*

**MÁIS INFORMACIÓN E NÚMEROS DE INTERESE**

112 EMERXENCIAS GALICIA

- Emerxencias: 112
- Incendios: 080
- Garda Civil: 062
- Concello: 981 84 99 60
- Policía local: 981 84 84 84
- Oficina de turismo: 981 84 26 54
- www.boiro.gal

www.boiro.gal

barbanzarousa.gal




FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO F. G. M.

**SENDEIRO SINALIZADO**

**Entidade promotora:**
**Mancomunidade Barbanza Arousa**

**Entidade homologadora:**
**Federación Galega de Montañismo**

- Respecta a natureza e os seres vivos que aquí habitan, non molestes aos animais nin arrinques plantas. Se recolles cogomelos, faino con responsabilidade.
- Recolle o lixo que xeres e deposítao no contedor ou nunha papeleira e, se é posible, sepárao para reciclar.
- O lume pode destruír a vida. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
- Non abandones animais exóticos nin mascotas, xa que causan un dano irreparable no equilibrio ecolóxico.
- Non circules co coche, a motocicleta ou o quad por fóra das estradas.
- Goza deste espazo natural e do contacto coa natureza. Volve e descúbreo noutras épocas do ano

# RUTA DO CASTELO DE VITRES

## Unha mostra do rico patrimonio natural, cultural e etnográfico que atesoura o noso concello

**PR-G 264**






Ao longo deste itinerario encontrámonos con interesantes mostras de patrimonio etnográfico, como os pasais de Brazos que nos servirán para cruzar o río Coroño, o cruceiro de Galegos, os muíños do río Acevedro ou as interesantes mostras de construcións populares na aldea de Mosquete: o lavadoiro, os hórreos, as antigas casas con eiras...

Discorre por unha zona rural onde diversos usos agrícolas e gandeiros tradicionais aínda perviven: campos de millo e avea altérnanse coas vides de uvas albariña, caíña, loureira, treixadura, brancellao, espadeira, mencía ou sousón que se empregan para a produción de viño "Terras do Barbanza e Iria"; e a subida á serra é o lugar por onde pastorean as cabras das aldeas do pé de monte e as vacas mostrencas.

Os ríos Coroño, Cachopo e Acevedro, aínda acollen boas mostras da vexetación de ribeira onde encontran acubillo multitude de animais; ou algunhas mostras do bosque autóctono onde domina o carballo cerqueiro acompañado de castiñeiros e algún corticeiro.

Este itinerario remata de forma espectacular coa subida pola antiga e impresionante calzada do Sino que desde Mosquete que pouco a pouco, nalgún tramo zigzagueando e noutros excavado sobre a propia pedra, nos vai subindo até o Castelo de Vitres, un antigo asentamento desde onde se vixiaban as nosas costas fronte os ataques que sufrían ao longo da Idade Media, e desde onde podemos gozar dunha espectacular vista sobre a Ría de Arousa.

## MIDE

**PR-G 264 Ruta do Castelo de Vitres**

| | | | |
|---|---|---|---|
| horario | 2h 05' | 2 | severidade do medio natural |
| desnivel de subida | 541 m | 2 | orientación no itinerario |
| desnivel de baixada | 82 m | 2 | dificultade no desprazamento |
| distancia horizontal | 6,2 km | 2 | cantidade de esforzo necesario |
| tipo de percorrido | Travesía | Mapas IGN escala 1:25.000: 119-IV e 151-II | |

Condicións de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.

## MIDE (Método de Información De Excursións)

| | |
|---|---|
| **Medio** Severidade do medio natural | 1 O medio non está exento de riscos<br>2 Hai máis dun factor de risco<br>3 Hai varios factores de risco<br>4 Hai bastantes factores de risco<br>5 Hai moitos factores de risco |
| **Itinerario** Dificultade de orientarse no itinerario | 1 Camiños e cruzamentos ben definidos<br>2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade<br>3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais<br>4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza<br>5 A navegación é interrumpida por obstáculos que hai que bordear |
| **Desprazamento** Dificultade no desprazamento | 1 Marcha por superficie lisa<br>2 Marcha por camiños de ferradura<br>3 Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares<br>4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio<br>5 Require pasos de escalada para a progresión |
| **Esforzo** Cantidade de esforzo necesario | 1 Ata 1 h de marcha efectiva<br>2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva<br>3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva<br>4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva<br>5 Máis de 10 h de marcha efectiva<br><br>Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado |

*Versión en castellano por el otro lado del panel*

### SINAIS DE SENDEIRISMO NOS PR-G (PEQUENO RECORRIDO GALEGO)

- Sinal de continuidade: indica dirección correcta
- PR-G 264 — Baliza: permite identificar o tipo e o nº de sendeiro homologado
- Sinal de dirección equivocada: indica dirección incorrecta
- PR-G 264 — Baliza de derivación: permite identificar o tipo e o número de sendeiro homologado na derivación

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO — F. G. M.

**SENDEIRO SINALIZADO**

**Entidade promotora:**
**Mancomunidade Barbanza Arousa**

**Entidade homologadora:**
**Federación Galega de Montañismo**

- Respecta a natureza e os seres vivos que aquí habitan, non molestes aos animais nin arrinques plantas. Se recolles cogomelos, faino con responsabilidade.
- Recolle o lixo que xeres e depositao no contedor ou nunha papeleira e, se é posible, sepárao para reciclar.
- O lume pode destruír a vida. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
- Non abandones animais exóticos nin mascotas, xa que causan un dano irreparable no equilibrio ecolóxico.
- Non circules co coche, a motocicleta ou o quad por fóra das estradas.
- Goza deste espazo natural e do contacto coa natureza. Volve e descúbreo noutras épocas do ano

### MÁIS INFORMACIÓN E NÚMEROS DE INTERESE

112 EMERXENCIAS GALICIA

- Emerxencias: 112
- Incendios: 080
- Garda Civil: 062
- Concello: 981 84 99 60
- Policía local: 981 84 84 84
- Oficina de turismo: 981 84 26 54
- www.boiro.gal

www.boiro.gal

barbanzarousa.gal

**PERFIL TOPOGRÁFICO DA RUTA (PR-G 264)**

